

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 05/06/2018 11:07:06

SAIDA

6568/18

Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación
do Territorio
Edificio Administrativo San Caetano
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente:M.8.Q/4124/18

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018

Sra. conselleira:

Con motivo da visita institucional e o encontro coa cidadanía que tiveron lugar fai poucas datas no concello de Tomiño, tanto a alcaldesa como a veciñanza trasladáronme as inquedanzas sobre o emprego do produto fitosanitario denominado glifosato como herbicida de acción rápida na eliminación das chamadas “malas herbas” nas diferentes actuacións de mantemento de espazos ou de cara á prevención de incendios forestais.

Segundo sinalaron, o uso deste tipo de herbicida químico podería ocasionar riscos para á saúde e o medio ambiente polos seus efectos potencialmente tóxicos. Indicaron que o glifosato infiltrasse no solo, sendo moi soluble na auga de xeito que ocasionaría contaminación en acuíferos, resultando tóxico tamén para a fauna acuática, animais domésticos e gando.

Deste xeito, a aplicación deste herbicida en espazos públicos constituiría un risco ao que estaría exposta a poboación, o gando, a flora, a fauna, o solo e as augas.

Por conseguinte, máis aló de que polo impacto ambiental dos herbicidas derivados dos glifosatos resultara aconsellable a substitución destes produtos por métodos mecánicos, térmicos ou biolóxicos non contaminantes en evitación dos potenciais danos tanto para a saúde como para o medio; e de que o Real Decreto 1311/2012 de 14 de setembro, que establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios formule técnicas alternativas como métodos non químicos; semella oportuno para esta Institución, en aplicación do disposto nos artigos 13 e 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, incoar esta investigación de oficio.

Entendemos, que segundo sinala o Real Decreto de aplicación, o principio de cautela guiará a cada administración a limitación ou mesmo a prohibición do uso destes produtos en zonas ou circunstancias específicas.

E por elo, que consideramos convinte trasladarlle, na súa literalidade, o informe da Policía Local do concello de Tomiño, no expediente 18041614070 que di:

“Segundo as instrucións emitidas pola xefatura desta policía local, no concernente os traballos de fumigación nas estradas da Xunta de Galicia, dentro dos límites deste Concello, procedeuse a identificación das persoas e produtos utilizados, tras ser localizados na PO 344, o paso pola parroquia de San Salvador de Tebra, concretamente no punto quilométrico 7,800.

Que as persoas identificadas posúen carné de usuario profesional de produtos fitosanitarios, os cales indican que están realizando este servizo de fumigación nas cunetas das estradas de titularidade da Xunta de Galicia, utilizando os seguintes produtos, Pistol Flex, Velezia e Spasor Plus, mediante un sistema mecánico de sulfatadora, instalada no propio vehículo.

Indicar que no intre de ser localizados, estase realizando a fumigación (sentido crecente) e que metros atrás atópase unha ponte, baixo a que transcorre o río Cereixo.

Posteriormente localízase novamente a este vehículo fumigando as cunetas da estrada PO 552, ao pasar polo lugar de Vilardematos - Forcadela (sentido crecente)

Indícase dende a Concellería de Medio Ambiente que o Concello de Tomiño non solicitou nin autorizou esta actividade, sendo rexeitada en sesión plenaria.

Tomiño, 16 de abril de 2018”.


Queremos significar que esta Institución é sensible co uso xeneralizado de produtos herbicidas fitosanitarios con glifosatos, tanto polos seus efectos sobre os ecosistemas, biodiversidade e medio ambiente, como sobre os posibles efectos prexudiciais na saúde das persoas.

Considerando a amplitude do termo “produto fitosanitario” e entendendo que é necesario que o seu uso obedeza a criterios de racionalización e sustentabilidade, pois so deste xeito lograse a redución dos riscos e efectos do uso destes praguicidas tanto na saúde humana como no medio ambiente, iniciamos esta investigación de oficio.

Por conseguinte, interesamos informen sobre as actuacións practicadas ou previstas, en relación coa problemática exposta, sobre o control das autorizacións que a empresa contratante ha de solicitar ao órgano competente da administración local, así como

calquera outra información que, ao seu criterio, consideren de relevancia para contribuír a clarexar a situación exposta que afectaría ao concello de Tomiño.

Agradézolle por anticipado a remisión do preceptivo informe e saúdaa atentamente.



Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 05/06/2018 11:15:14

SAIDA 6569/18

Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda
Axencia Galega de Infraestruturas
Edificio Administrativo San Caetano
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente:M.8.Q/4124/18

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018

Sra. conselleira:

Con motivo da visita institucional e o encontro coa cidadanía que tiveron lugar fai poucas datas no concello de Tomiño, tanto a alcaldesa como a veciñanza trasladáronme as inquietudes sobre o emprego do produto fitosanitario denominado glifosato como herbicida de acción rápida na eliminación das chamadas “malas herbas” nas diferentes actuacións de mantemento de espazos, nomeadamente no tratamento das cunetas da rede viaria, como serían a PO-344, PO-552, PO- 350 e PO-195.

Segundo sinalaron, o uso deste tipo de herbicida químico podería ocasionar riscos para á saúde e o medio ambiente polos seus efectos potencialmente tóxicos. Indicaron que o glifosato infiltra-se no solo, sendo moi soluble na auga de xeito que ocasionaría contaminación en acuíferos, resultando tóxico tamén para a fauna acuática, animais domésticos e gando. Ademais, os preparados herbicidas que conteñen glifosato, virían acompañados doutras substancias que facilitan a súa absorción e multiplicarían a súa toxicidade.

Deste xeito, a aplicación deste herbicida en espazos públicos constituiría un risco ao que estaría exposta a poboación, o gando, a flora, a fauna, o solo e as augas.

Por conseguinte, máis aló de que polo impacto dos herbicidas derivados dos glifosatos resultara aconsellable a substitución destes produtos por métodos mecánicos, térmicos ou biolóxicos non contaminantes en evitación dos potenciais danos tanto para a saúde como para o medio; e de que o Real Decreto 1311/2012 de 14 de setembro, que establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios formule técnicas alternativas como métodos no químicos; semella oportuno para esta Institución, en aplicación do disposto nos artigos 13 e 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, incoar esta investigación de oficio.

Entendemos, que segundo sinala o Real Decreto de aplicación, o principio de cautela guiará a cada administración a limitación ou mesmo a prohibición do uso destes produtos en zonas ou circunstancias específicas.

E por elo, que consideramos convinte trasladarlle, na súa literalidade, o informe da Policía Local do concello de Tomiño, no expediente 18041614070 que di:

“Segundo as instrucións emitidas pola xefatura desta policía local, no concernente os traballos de fumigación nas estradas da Xunta de Galicia, dentro dos límites deste Concello, procedeuse a identificación das persoas e produtos utilizados, tras ser localizados na PO 344, o paso pola parroquia de San Salvador de Tebra, concretamente no punto quilométrico 7,800.

Que as persoas identificadas posúen carné de usuario profesional de produtos fitosanitarios, os cales indican que están realizando este servizo de fumigación nas cunetas das estradas de titularidade da Xunta de Galicia, utilizando os seguintes produtos, Pistol Flex, Velezia e Spasor Plus, mediante un sistema mecánico de sulfatadora, instalada no propio vehículo.

Indicar que no intre de ser localizados, estase realizando a fumigación (sentido crecente) e que metros atrás atópase unha ponte, baixo a que transcorre o río Cereixo.

Posteriormente localízase novamente a este vehículo fumigando as cunetas da estrada PO 552, ao pasar polo lugar de Vilardematos - Forcadela (sentido crecente)

Indícase dende a Concellería de Medio Ambiente que o Concello de Tomiño non solicitou nin autorizou esta actividade, sendo rexeitada en sesión plenaria.

Tomiño, 16 de abril de 2018”.

Queremos significar que esta Institución é sensible co uso xeneralizado de produtos herbicidas fitosanitarios con glifosatos, tanto polo seu impacto no medio ambiente, como sobre os posibles efectos prexudiciais na saúde das persoas polo que considera axeitado a limitación do uso desta variedade de herbicidas e a potenciación do emprego de métodos de control alternativos.

Entendemos que o uso destes praguicidas ten que obedecer a criterios de racionalización e sustentabilidade, pois so deste xeito lograrase a redución dos riscos e efectos do uso dos produtos fitosanitarios tanto na saúde humana como no medio ambiente.

Por conseguinte, interesamos informen sobre as actuacións practicadas ou previstas, en relación coa problemática exposta neste queixa de oficio, así como calquera outra información que, ao seu criterio, consideren de relevancia para contribuír a clarexar a

situación exposta que estaría afectando a Tomiño con motivo das limpezas na rede viaria autonómica ao paso por ese concello.

Agradézolle por anticipado a remisión do preceptivo informe e saúdaa atentamente.



Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo